



# Os virus

Os virus son tan diminutos que só se poden observar cun microscopio electrónico.



Estes microorganismos non se consideran seres vivos, xa que non poden realizar as tres funcións vitais básicas (só a reprodución) e a súa estrutura é diferente á da célula. Son formas acelulares, xa que non forman células.

Están formados por unha molécula de material xenético, rodeada dunha estrutura protectora chamada cápsida e, ás veces, unha capa externa que os rodea.



Para vivir, os virus necesitan infectar células vivas de animais, plantas e mesmo bacterias. Son parasitos intracelulares estritos. Introdúcense nas células e utilizan as súas moléculas e orgánulos para duplicarse. Esta infección pode destruír as células dos organismos e provocar enfermidades, como o arrefriado, a gripe, a sida, a varicela ou o herpes.

*Extracto de aulaPlaneta (tema moneras, proctistas, fungos)*